



Asociación de Familias de
Alumnado NEAE
A Cañiza - Pontevedra

Por: Marta Rodríguez Márquez

SOCIAIS

A ATMOSFERA



Asociación de familias de alumnado NEAE.

QUE É A ATMOSFERA?



É a capa de aire que envolve a Terra.
Ten un espesor de 1.000 quilómetros.
Está formada por varias capas.

AS CAPAS DA ATMOSFERA

TROPOSFERA

Está en contacto coa superficie da Terra. Mide 15 Km de altura. Contén o aire que respiramos.

O aire está formado por: 21% OSÍXENO, 78% NITRÓXENO, 1% OUTROS GASES (dióxido de carbono, vapor de auga...)

ESTRATOSFERA

Aquí atópase a **capa de ozono** ou **ozonosfera**, encargada de absorber os *raios ultravioletas* do sol.

CAPAS EXTERIORES

MESOSFERA

Onde se ocasionan as **estrelas fugaces**.


TERMOSFERA

Onde se producen as **auroras polares** que absorben os *raios solares*.

EXOSFERA

Capa máis externa. O aire non se pode respirar.

ESQUEMA DAS CAPAS DA ATMOSFERA



EXERCICIOS

1- Que é a ATMOSFERA?

2- Cal é aproximadamente o espesor da ATMOSFERA?

3- Escribe o nome das capas da ATMOSFERA por orde, dende a capa que está máis preto da superficie terrestre ata a máis afastada.

1- _____.

2- _____.


3- _____.

4- _____.


5- _____.

6- _____.

4- Colorea as capas da ATMOSFERA.



5- Recorta os nomes das capas da ATMOSFERA e pégaos onde corresponda.



6- A TROPOSFERA contém a maior parte do ar que respiramos. Este ar está formado por:

7- Relaciona cada capa da ATMOSFERA coa súa característica.

TROPOSFERA

É onde se ocasionan as estrelas fugaces.

ESTRATOSFERA

O aire non se pode respirar.

MESOSFERA

É a capa que está en contacto coa superficie da Terra.

TERMOSFERA

Aquí atópase a capa de ozono ou ozonosfera.

EXOSFERA

É onde se producen as auroras polares.

8- Que se absorbe na CAPA DE OZONO ou OZONOSFERA?

9- Que se absorbe na TERMOSFERA?



10- Tendo en conta o seguinte debuxo e as distancias que aparecen na marxe esquerda, responde:



a) Cantos Km ocupa a ESTRATOSFERA? _____.

b) E a TERMOSFERA? _____.


c) Que capa da ATMOSFERA ocupa menos? _____.

O EFECTO INVERNADOIRO

QUE É O EFECTO INVERNADOIRO?

O EFECTO INVERNADOIRO é un fenómeno natural que fai que a Terra teña unha temperatura agradable.

CÓMO SE PRODUCE?



1- O sol emite raios solares que son devoltos ao espazo polas nubes (é dicir, non chegan á superficie da Terra).

2- Algúns raios solares atravesan a atmósfera e chegan á superficie da Terra, quentándoa (incluídos os océanos).

3- A Terra emite enerxía e envíaa á atmosfera e ao espazo.

4- Parte da enerxía que emite a Terra queda atrapada na atmosfera a causa dos **GASES DE EFECTO INVERNADOIRO**.

CALES SON OS GASES DE EFECTO INVERNADORIO?

Vapor de auga (H_2O)

Dióxido de carbono (CO_2)

EXERCICIOS

1- Que é o EFECTO INVERNADORIO?

2- Completa o texto:


COMO SE PRODUCE O EFECTO INVERNADOIOR?

- 1- O sol emite _____ que son devoltos ao espazo polas _____ (é dicir, non chegan á _____ da Terra).
- 2- Algúns raios solares atravesan a _____ e chegan á superficie da Terra, quentándoa (incluídos os _____).
- 3- A Terra emite _____ e envíaa á _____ e ao _____.
- 4- Parte da enerxía que emite a Terra queda atrapada na _____ a causa dos _____.

3- Cales son os GASES DE EFECTO INVERNADOIRO?

- 1- _____
- 2- _____
- 3- _____

4- Recorta cada explicación e péga na frecha que corresponda.



Parte da enerxía que emite a Terra queda atrapada na atmosfera a causa dos **GASES DE EFECTO INVERNADOIRO**.

A Terra emite enerxía e envíaa á atmosfera e ao espazo.

O sol emite raios solares que son devoltos ao espazo polas nubes (é dicir, non chegan á superficie da Terra).

Algúns raios solares atravesan a atmósfera e chegan á superficie da Terra, quentándoa (incluídos os océanos).

O TEMPO ATMOSFÉRICO E O TEMPO

TEMPO ATMOSFÉRICO

Estado da atmosfera dun lugar nun periodo curto de tempo (un día ou unha semana).

CLIMA

Estado da atmósfera dun lugar nun periodo largo de tempo (ao longo das estacións do ano, durante varios anos ou décadas).

ELEMENTOS DO TEMPO ATMOSFÉRICO

TEMPERATURA

Indica a cantidade de calor que hai no aire.

Mídese en GRADOS CENTÍGRADOS (°C).

TERMÓMETRO



PRESIÓN ATMOSFÉRICA

Indica o peso do aire sobre un punto da Terra.

Mídese en MILIBARES.

BARÓMETRO



HUMIDADE DO AIRE

Indica a cantidade de auga que hai no aire.

HIGRÓMETRO



VENTO

Corrente de aire na atmósfera.

ANEMÓMETRO

VIRAVENTOS



PRECIPITACIÓNS

Cantidade de auga que cae á Terra desde as nubes, en forma de chuvia, sarabia ou neve.

Mídese en LITROS por METRO CADRADO(l/m) ou en MM.

PLUVIÓMETRO



AS ESTACIÓNS DO ANO

Periodos do ano nos que as condicións climáticas dunha zona son moi parecidas.

Estes periodos duran uns tres meses e chámanse:

Primavera

Verán

Outono



Inverno



EXERCICIOS

1- Relaciona:

TEMPO ATMOSFÉRICO

Estado da atmósfera dun lugar nun periodo largo de tempo (ao longo das estacións do ano, durante varios anos ou décadas).

CLIMA

Estado da atmosfera dun lugar nun periodo curto de tempo (un día ou unha semana).

2- Cales son os ELEMENTOS do tempo atmosférico e do clima:

1- _____

2- _____

3- _____

4- _____

5- _____

3- Que indica a TEMPERATURA?

4- En que se mide a TEMPERATURA?

5- Con que se mide a TEMPERATURA?



6- Que indica a PRESIÓN ATMOSFÉRICA?

7- En que se mide a PRESIÓN ATMOSFÉRICA?

8- Con que se mide a PRESIÓN ATMOSFÉRICA?

9- Que indica a HUMIDADE DO AIRE?

10- En que se mide a HUMIDADE DO AIRE?

11- Con que se mide a HUMIDADE DO AIRE?

12- Que é o VENTO?

13- Con que se mide o VENTO?

14- Con que se mide a dirección do VENTO?

15- Que son as PRECIPITACIÓNS?

16- En que se miden as PRECIPITACIÓNS?



17- Con que se miden as PRECIPITACIÓNS?

18- RELACIONA:

TEMPERATURA

ANEMÓMETRO



PRESIÓN ATMOSFÉRICA

PLUVIÓMETRO



HUMIDADE DO AIRE

TERMÓMETRO



VENTO

HIGRÓMETRO



PRECIPITACIÓNS

BARÓMETRO



19- Que son as ESTACIÓNS DO ANO?

20- Cales son as ESTACIÓNS DO ANO?



O IMPACTO DAS ACTIVIDADES HUMANAS

Algunhas das actividades que realizamos contaminan e destrúen o planeta:

A EMISIÓN DE GASES CON EFECTO INVERNADERO contaminan a atmósfera:

- Queima de leña.
- Expulsión de produtos químicos das fábricas.
- O uso de combustibles nos medios de transporte.
- Uso de aparatos eléctricos.
- Vertedoiros de lixo.



ESGOTAMENTO DE RECURSOS NATURAIS

Utilizamos os recursos naturais en grandes cantidades e moi rápido, sen dar tempo a que se rexeneren.

Malgastamos recursos naturais como a auga, vexetación, fauna, petróleo...

Rematamos cos seres vivos cando cazamos, pescamos...



MEDIDAS PREVENTIVAS

QUE SE PODE FACER PARA SALVAR AO PLANETA?

REDUCIR A EMISIÓN DE GASES CONTAMINANTES

- Utilizar o transporte público.
- Reducir a cantidade de lixo. Reciclar.
- Non contaminar a auga.



PROTEXER OS RECURSOS NATURAIS

- Protexer os espazos naturais.
- Establecer vedas para pescar, cazar e cortar árbores.
- Aforrar electricidade.
- Aforrar auga.
- Emitir menos gases contaminantes á atmosfera.



EXERCICIOS

1- Que provocan as emisións de gases con efecto invernadoiro?

2- Indica 3 actividades que ocasionen emisións de gases con efecto invernadoiro:

1- _____

2- _____

3- _____

3- Por que se esgotan os recursos naturais?

4- Indica que medidas podemos adoptar para:

a) Evitar a emisión de gases contaminantes:

b) Protexer os recursos naturais:

5- Di o nome de 4 recursos naturais que máis malgastamos:



COMO AFECTA O CAMBIO CLIMÁTICO Á POBOACIÓN

APARICIÓN DE ENFERMIDADES RELACIONADAS CO CONSUMO DE ALIMENTOS E AUGA:

Aumentan as infeccións víricas.



APARICIÓN DE ENFERMIDADES TRANSMITIDAS POR ANIMAIS:

Aparición de insectos pola subida das temperaturas.



AUMENTO DE ENFERMIDADES RESPIRATORIAS:

Se chove pouco a atmósfera non se limpa e isto provoca alerxias e enfermidades asmáticas.



AUMENTO DA MORTALIDADE.



AUMENTO DE ENFERMIDADES NA PEL E PROBLEMAS NA VISTA:

Ocasionadas pola exposición ao sol.



AUMENTO DE ENFERMIDADES PSÍQUICAS OU MENTAIS.

e alumnado NEAE.

O CAMBIO CLIMÁTICO E AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

NA AGRICULTURA:

Se chove pouco a non se poden regar os cultivos, isto afecta negativamente ás colleitas. Se chove demasiado tamén se estragan.



NO TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN DE PRODUCTOS:

As inundacións ocasionan algunhas veces cortes nas estradas.

NO SECTOR TURÍSTICO:

As temperaturas moi elevadas ou o esceso de precipitacións fan que os turistas prefiran outros destinos para as vacacións.



EXERCICIOS

1- Pon 6 exemplos de como o cambio climático afecta á poboación:

- 1 _____
- 2 _____
- 3 _____
- 4 _____
- 5 _____
- 6 _____

2- Por que aumentan as enfermidades respiratorias?

_____.

3- Que ocasiona o aumento das enfermidades da pel e da vista?

4- Indica 3 actividades económicas que se vexan afectadas polo cambio climático:

- 1 _____
- 2 _____
- 3 _____

5- Como afecta a escasez de precipitacións aos cultivos?

6- Pon un exemplo de como o cambio climático pode afectar ao transporte ou a distribución de produtos:

_____.

7- Completa a tabla, indicando se o cambio climático afecta á POBOACIÓN, á AGRICULTURA, ao TRANSPORTE ou ao TURISMO.

Consecuencias do cambio climático	Afecta a
Aumento de enfermidades respiratorias, ocasionadas pola falta de precipitacións.	
A falta de precipitacións ocasiona problemas de rego dos cultivos.	
As temperaturas moi elevadas fan que os viaxeiros elixan outros destinos con temperaturas máis suaves.	
O exceso de precipitacións fan que se aneguen os campos de cultivos e que éstes se boten a perder.	
As inundacións probocan a caída de pontes e o taponamento de túneles.	
Aumenta a mortalidade.	
As inundacións que ocasiona o exceso de precipitacións, fan que a esa zona non acudan turistas.	
O exceso de precipitacións inundan as estradas impedindo o paso dos vehículos.	



OS FACTORES CLIMÁTICOS

O **CLIMA** varía segundo unha serie de factores que modifican as temperaturas e as precipitacións de cada zona.

Latitude: Distancia dende un punto ata o ECUADOR.



Canto máis preto ao Ecuador, máis cálido será o clima, e canto máis lonxe, máis frío.



Altitude: Altura sobre o nivel do mar.

Canto máis alto, máis frío.

A influencia do mar: Canto máis cerca do mar, temperaturas suaves durante todo o ano. Canto máis lonxe do mar, veráns máis quentes e invernos máis fríos.



O Relevo: As cadeas montañosas frean as nubes que chocan con éstas e ocasionan precipitacións (BARLOVENTO).

Outros factores: vexetación, masas de aire da atmósfera e correntes mariñas.

EXERCICIOS

1- Cales son os FACTORES CLIMÁTICOS?

1- _____

2- _____

3- _____


4- _____

2-Que é a LATITUDE?

3- Como afecta a LATITUDE ao clima?

Canto máis preto do ecuador se atope unha zona, o clima será máis _____, e canto máis lonxe do ecuador se atope, o clima será máis _____.

4- Colorea no debuxo de **amarelo** a parte que corresponde á zona onde o clima é máis cálido, de **verde** as zonas temperás, e de **azul** as zonas máis frías, tendo en conta o FACTOR CLIMÁTICO DA LATITUDE.



5- Que é a ALTITUDE?

6- Como afecta a ALTITUDE ao clima?

Canto máis alta sexa unha zona, o seu clima será máis _____,
e canto máis preto do nivel do mar esté unha zona, o seu clima será menos
_____.

7- Indica no debuxo, cal é a zona máis fría (coloréaa de azul), e cal é a menos fría (coloréaa de verde), tendo en conta o FACTOR CLIMÁTICO DA ALTITUDE.



8- Como inflúe a PROXIMIDADE DO MAR no clima?

Canto máis preto do mar está unha zona, o seu clima será máis _____ durante todo o ano, e canto máis lonxe se atope do mar, o seu clima terá uns veráns máis _____ e uns invernos máis _____.

9- Colorea no mapa de amarelo as zonas onde o clima é máis suave, e de vermello as zonas onde o clima é máis extremo, tendo en conta o FACTOR




CLIMÁTICO DA INFLUENCIA DO MAR.

10- Como afecta o RELEVO ao clima?



As cadeas montañosas frean as nubes que chocan con éstas e ocasionan _____ (BARLOVENTO).

11- Debuxa as nubes e as precipitacións na seguinte imaxe, tendo en conta a oración do exercicio anterior.



12- Indica outros 3 factores que tamén inflúen no clima dunha zona:

- 1- _____
- 2- _____
- 3- _____



A METEOROLOXÍA E O MAPA METEOROLÓXICO

METEOROLOXÍA:

Ciencia que estuda o tempo atmosférico e os fenómenos da atmósfera.

A información plásmase

MAPAS METEOROLÓXICOS:

Mostran a descripción do tempo que vai a facer nun lugar determinado.


Hai 2 tipos

MAPA DE ISOBARAS:

No que se presentan os **anticiclóns** (tempo despexado) e as **borrascas** (choiva e vento).

MAPA SIGNIFICATIVO :


Indican o tempo que vai facer nun lugar mediante elementos como nubes, soles, choiva, copos de neve...



ELEMENTOS DOS MAPAS METEOROLÓXICOS

MARCAS DE ORIENTACIÓN:

Indican onde están os puntos cardinais (norte, sur, este e oeste)



SÍMBOLOS OU SIGNOS CONVENCIONAIS:

Poden ser debuxos, cores, números...



ESCALA:

Informa do tamaño do mapa comparado coa realidade.

Despejado	Nuboso	Muy Nuboso	Cubierto	Llovizna	Lluvia
Chubasco	Tormenta	Granizo	Nieve	Bruma	Niebla
Calma	Flojo	Moderado	Fuerte	Muy Fuerte	

LEENDA:

Onde se explican os significados dos símbolos.

COMO SE REPRESENTA O TEMPO ATMOSFÉRICO

GRÁFICOS DE TEMPERATURAS:

Serven para representar as TEMPERATURAS dun lugar, durante un tempo determinado.

Utilízanse
2 tipos de
GRÁFICOS

GRÁFICOS DE PRECIPITACIÓNS:

Serven para representar as PRECIPITACIÓNS dun lugar, durante un tempo determinado.


COMO SE ELABORAN?

COMO SE ELABORAN?


1- Recollemos as distintas temperaturas nunha táboa.

Mes	Temp. Máx
enero	14
febrero	18
marzo	12
abril	20
mayo	26
junio	32
julio	35
agosto	39
septiembre	29
octubre	24
noviembre	16
diciembre	12

2- Facemos un eixe horizontal para os periodos de tempo (meses días, estacións, anos...), e un vertical para as temperaturas medidas de 5 en 5 grados.




3- Márcanse as temperaturas da táboa con puntos e únense.




1- Recollemos as distintas precipitacións nunha táboa.

	Precipitación (mm)
Enero	37.9
Febrero	38.1
Marzo	31.1
Abril	48.1
Mayo	44.6
Junio	28.3
Julio	8.4
Agosto	9.9
Septiembre	27.6
Octubre	50.8
Noviembre	49.4
Diciembre	48.4

2- Facemos un eixe horizontal para os periodos de tempo (meses días, estacións, anos...), e un vertical para as precipitacións medidas de 10 en 50 mm.



3- Márcanse as precipitacións da táboa trazando unhas barrar verticais.



EXERCICIOS

1- Que é a METEOROLOXÍA?

2- Que é un MAPA METEOROLÓXICO?

3- Cales son os dous tipos de MAPAS METEOROLÓXICOS?

1- _____


2- _____

4- Que representa un MAPA DE ISOBARAS?

5- Que representa un MAPA SIGNIFICATIVO?

6- Ralaciona:

MAPA DE ISOBARAS



MAPA SIGNIFICATIVO

7- Cales son os ELEMENTOS DUN MAPA?

- a) _____
- b) _____
- c) _____
- d) _____


8- Que indican as MARCAS DE ORIENTACIÓN?

_____.

9- Que é a LENDA dun mapa?

_____.

10- Indica as partes do mapa no debuxo:



11- Para representar o TEMPO ATMOSFÉRICO utilizamos dous tipos de GRÁFICOS:

a) _____


b) _____

12- Que se representa nos GRÁFICOS DE TEMPERATURAS? _____
 E os GRAFICOS DE PRECIPITACIÓNS? _____.

13- Representa no seguinte gráfico as temperaturas e precipitacións das seguintes táboas.

MES	T (°C)
XANEIRO	5
FEBREIRO	7
MARZO	10
ABRIL	12
MAIO	16
XUÑO	21
XULLO	25
AGOSTO	25
SEPTEMBRO	20
OUTUBRO	14
NOVEMBRO	9
DECEMBRO	6

MES	(l/m)
XANEIRO	36
FEBREIRO	34
MARZO	28
ABRIL	44
MAIO	43
XUÑO	29
XULLO	9
AGOSTO	7
SEPTEMBRO	22
OUTUBRO	47
NOVEMBRO	42
DECEMBRO	55



EXERCICIOS DE REPASO

1- Que é a ATMOSFERA?

- a) Unha capa de aire que envolve á Terra.
- b) Una capa de auga que envolve á Terra.
- c) Unha capa de aire que se move polo espazo.

2- Cantas capas ten a ATMOSFERA?

- a) Oito.
- b) Nove.
- c) Seis.

3- A TROPOSFERA é a capa

- a) que está máis lonxe da superficie terretre.
- b) que está en contacto coa superficie terrestre.
- c) na que se atopa a capa de ozono.

4- A ESTRATOSFERA é a capa

- a) na que hai máis osíxeno.
- b) que está en contacto coa superficie terrestre.
- c) na que se atopa a capa de ozono.

5- As CAPAS EXTERIORES da atmosfera son:

- a) Mesosfera, troposfera, estratosfera.
- b) Ozonoosfera, troposfera, exosfera.
- c) Mesosfera, termosfera, exosfera.

6- Na MESOSFERA

- a) Hai moito osíxeno.
- b) Ocasiónanse as estrelas fugaces.
- c) Prodúcense as auroras polares.

7- Na TERMOSFERA

- a) Hai moito osíxeno.
- b) Ocasiónanse as estrelas fugaces.
- c) Prodúcense as auroras polares.

8- Cal é a capa da atmosfera que contén a maior parte do aire que respiramos?

- a) Exosfera.
- b) Troposfera.
- c) Mesosfera.

9- Cal é a capa da atmosfera máis externa?

- a) Exosfera.
- b) Troposfera.
- c) Mesosfera.

10- Que é o EFECTO INVERNADOIRO?

- a) un fenómeno natural que fai que a Terra teña unha temperatura agradable.
- b) un fenómeno natural que fai que se enfríe a Terra.
- c) un fenómeno que fai que o vento se mova pola atmosfera.

11- Cales son os GASES DE EFECTO INVERNADOIRO?

- a) Vapor de auga, osíxeno, metano...
- b) Vapor de auga, dióxido de carbono, metano...

12- Que é o tempo atmosférico?

- a) O estado da atmosfera nun lugar durante un longo periodo de tempo.
- b) O estado da atmosfera nun lugar durante un curto periodo de tempo.
- c) O estado da atmosfera durante todo o ano na Terra.

13- Que é o clima?

- a) O estado da atmosfera nun lugar durante un longo periodo de tempo.
- b) O estado da atmosfera nun lugar durante un curto periodo de tempo.
- c) O estado da atmosfera durante todo o ano na Terra.

14- Cales son os ELEMENTOS do tempo e do clima?

- a) A temperatura, a presión atmosférica e o vento.
- b) A temperatura, a presión atmosférica, o vento e a humidade.
- c) A temperatura, a presión atmosférica, a humidade do aire, o vento e as precipitacións.

15- Que é a temperatura?

- a) A cantidade de calor que hai no aire.
- b) A cantidade de humidade que hai no aire.
- c) A cantidade de frío que fai na superficie da Terra.

16- A TEMPERATURA mídese co

- a) Termómetro.
- b) Barómetro.
- c) Higrómetro.

17- A PRESIÓN ATMOSFÉRICA mídese co

- a) Termómetro.
- b) Barómetro.
- c) Higrómetro.

18- A HUMIDADE DO AIRE mídese co

- a) Termómetro.
- b) Viraventos.
- c) Higrómetro.

19- O VENTO mídese co

- a) Termómetro.
- b) Pluviómetro.
- c) Anemómetro.

20- As PRECIPITACIÓNS mídense co

- a) Termómetro.
- b) Pluviómetro.
- c) Anemómetro.

21 - Cales son os FACTORES CLIMÁTICOS?

- a) latitude, altitude, cantidade de auga, relevo.
- b) latitude, altitude, influencia do mar, relevo.
- c) vexetación, relevo, cantidade de auga.

22- Canto máis preto se atopa unha zona do ecuador, o seu clima será

- a) máis frío.
- b) máis suave.
- c) máis cálido.

23- Canto máis alta sexa unha zona, o seu clima será

- a) máis frío.
- b) máis suave.
- c) máis cálido.

24- Se unha zona se atopa preto do mar, o seu clima será

- a) máis frío.
- b) máis suave.
- c) máis cálido.

25- Tamén inflúen no clima

- a) a vexetación e as correntes de aire.
- b) a vexetación, as masas de aire da atmosfera e as correntes mariñas.
- c) as correntes mariñas e a fauna.



26- A METEOROLOXÍA é

- a) unha ciencia que estuda as correntes de auga.
- b) unha ciencia que estuda a fauna dun lugar.
- c) unha ciencia que estuda o tempo atmosférico e o que acontece na atmósfera.

27- Nun MAPA METEOROLÓXICO represéntase

- a) O tempo que tarda a Terra en dar a volta ao redor do sol.
- b) O tempo que vai facer nun lugar determinado.

28- No MAPA DE ISOBARAS represéntanse

- a) os anticiclóns e as borrascas.
- b) o tempo atmosférico que vai facer.
- c) as correntes mariñas.

29- - No MAPA SIGNIFICATIVO represéntase

- a) os anticiclóns e as borrascas.
- b) o tempo atmosférico que vai facer.
- c) as correntes mariñas.

30- As MARCAS DE ORIENTACIÓN dun mapa

- a) son as que indican onde se atopan os puntos cardinais.
- b) son as que indican o tempo que vai facer.
- c) son símbolos.

31- Na LENDA dun mapa explícanse os significados

- a) dos símbolos.
- b) da escala.
- c) das marcas de orientación.



32- Os GRÁFICOS DE TEMPERATURA serven para representar

- a) a cantidade de vento.
- b) precipitacións.
- c) temperaturas.

33- Os GRÁFICOS DE PRECIPITACIÓN S serven para representar

- a) a cantidade de vento.
- b) precipitacións.
- c) temperaturas.

34- Debuxa no caderno un GRÁFICO DE TEMPERATURAS cos seguintes datos:

DÍA SEMÁN	T (°C)
Luns	15
Martes	13
Mércores	14
Xoves	17
Venres	16
Sábado	14
Domingo	15

35- Debuxa no caderno un GRÁFICO DE PRECIPITACIÓN S cos seguintes datos:

DÍA SEMÁN	(l/m)
Luns	30
Martes	20
Mércores	25
Xoves	15
Venres	10
Sábado	5
Domingo	0



Asociación de familias de alumnado NEAE.